

Após a folga xeral, que? Só CNT

A reforma laboral e a folga do 29-S

Despois de anos de adormecemento, o sindicalismo oficial convocou unha folga xeral, supostamente contra a reforma laboral aprobada polo PSOE via decreto, logo ratificada no Parlamento. A convocatoria fíxose coa reforma xa aprobada, a tres meses da data eleixida, e centrando-se unicamente na protesta contra unha reforma laboral sen posibilidade de ser retirada, procurando evitar situacións que resultasen incómodas ao goberno e que puidesen repercutir na utilidade da folga e expandir o seu alcance, como podía ter sido o facto de incluír unha crítica frontal à reforma da Seguridade Social e das pensións que está en proceso.

Porque, efectivamente, a convocatoria de folga procurou un dobre fin: un apaño estético a labor dos sindicatos, e a inefectividade total da folga, mantendo-a nese nivel estético. En primeira lectura dos acontecementos, semella que UGT e CCOO fracasaron nos dous frentes.

Por un lado, a convocatoria resultou moito máis exitosa do que eles quixeran, e foi así sen a súa participación efectiva e sen o

seguimento maioritario das súas convocatorias. En xeral, o seguimento da folga foi superior ao de convocatorias anteriores, e nas mobilizacións do día 29 non só se introduciu como clamor o protesto contra estes dous sindicatos, o que non é novo, senon que por primeira vez foron superadas as súas convocatorias, anque fose desde amalgamas circunstanciais que unificaron á CIG con outras propostas sindicais máis á marxe, entre elas a CNT.

Este seguimento masivo non só elevou á folga da estética para a praxe, senon que evidenciou na rua o papel retardador de UGT e CCOO e tornou diáfana a súa estratexia, ben burda, é certo: o pacto oculto co PSOE da non sinatura da reforma laboral, e o pacto oculto co PSOE dunha convocatoria de folga que, dalgún xeito, dese por rematado a nivel espectacular, pois na práctica leva trinta anos morto, un modelo de sindicalismo baseado na confrontación de clase. O fracaso desta estratexia implica ao tempo o ascenso da contraria, como se viu, e non o retraemento de calquer actividade sindical. A súa consolidación dependerá da capacidade das organizacións sindicais para manté-la e extendé-la, e do papel apaciguador que xoguen os sin-

dica-
tos ascenden-
tes mas acrícos na
práctica co sistema que
elevou a UGT e CCOO, papel
que na Galiza semella en mellor
disposición de ser xogado pola
CIG.

O novo escenario neo-liberal e anti-sindical

Non se trata aquí de analizar o contido dunha reforma laboral por outra banda xa ben analisada, senón de facer notar como desde esta se consolida un novo escenario. Esta reforma significa a instauración definitiva do neo-liberalismo máis potente nas relacións de traballo, reducindo à clase operaria apenas a forza de traballo obrigada a vender esta forza en calquer condición, debido à presión crecente do desemprego e à perda de dereitos laborais que se deu nos últimos



anos.
Pero o facto é
que esta consolida-
ción non podería dar-se sen
instaurar unha imposibilidade
total de acción aos sindicatos, o
que se conseguiu con dúas medi-
das que, casualmente, non
foron mui comentadas: a prohibi-
ción fáctica do dereito de folga, e
o terminante final da negociación
colectiva.

Após anos ameazando todos os
governos cunha lei de folga que
limitase o seu alcance, o goberno
de Zapatero conseguiu eliminar
a posibilidade de acudir à folga
cun simple artigo: a **obligatorie-
dade de someter a un laudo arbitral
calquer conflito e a inclusión desta
obligatoriedade como contido mínimo**

dos convénios colectivos.

Por outra parte, o asinado nun
convénio colectivo fica sen
eficacia polo abrandamento das
posibilidades para o descolgamento
por parte da patronal, **só
terá que aducir razóns do
mais nímias (entre elas, a
previsión de perdas no futuro)
para deixar de aplicar o
contido dos convénios**, ao
tempo que os traballadores e as
traballadoras fican sen marxe de
acción ao non poder recorrer à
folga como arma, dado que ante

Segue na páxina 2

Fóra o Pastor Alemán. Viva o Can de Palleiro

Non toca hoxe falar de cándidos
estranxeiros nen defender aos
nosos cans de auténtica raza
galega tipo o finado Xosé Cuiña,
paz estea. O título do artigo pode
levar a engano e non é esa a nosa
intención.

Queremos falar sobre e da visita
do señor Ratzinger a Compostela,
ese encargado planetario da
franquicia celestial de Deus na
terra, prevista para o 6 de
Novembro, sábado. Serán poucas
horas, mais intensas.

Que a súa presenza poida ser
unha honra para as señoras de
mantilla e saia por embaixo do
xeonllo que aínda resisten como
gatas en Viveiro e Toques os ataques
laicistas, pois parécenos moito
ben. Que señoras que eran,
antes de padecer ataques
prostáticos, clientes de tapadillos
e pisitos camuflados, mexen agora
fóra do tiesto coa visita papal,

pois non deixa de ser sorprendente
e até de mal gusto.

Qué políticos de dereitas en
activo, trincados collendo comi-
sións e metendo mans e pes nos
orxamentos, veñan emocionados
a Compostela para se postrar ante
o Pastor Alemán, pois non deixa
de resultar un emocionante
exercício de cinismo.

Que veñan as cohortes do
Opus Dei a Compostela a deixar
esa cidade perdida de bandeirolas
amarelas do Estado Vaticano, de
pegatinas con calquer lema para
incautos, de cera cirial, pois non
nos parece tan ben... e saben por
qué? Porque os gastos e dietas das
viaxes de todo ese exército de devotos
imos ter que cubrilos nós,
que precisamente no chollo de
avemarías e rosarios andamos
lixeiros de equipaxe, como o poeta
Machado. Así, digan-me, así
quén non visita unha cidade, a

gastos pagos, eu aponto-me a ir
cada fin de semana a todos os bal-
nearios galegos e lusos.

A vantaxe que ten a dupla
personalidade, condición indis-
pensable para ser xefe de franquicia
celestial na terra, é precisamente
esa: por unha banda, ti es Xefe
dun Estado, o Vaticano, si, vale,
pequecho, pero... qué bancos
hai alí, qué préstamos se conceden,
cómo se lavan os cartos negros
de organizacións italianas
prestixiosas que naceron en
Sicilia, e que horterada o desfile
de Garzas Suizas, esos chicos tan
monos, tan altos e tan rubios. En
fin. Ser Xefe do Estado Vaticano
non che é nengunha carallada: hai
que preocuparse de que as alcan-
tarillas estean limpas, de que o
fume branco non saia antes de
tempo, de que algún Estado pague
o repintado das estatuas, hai

Segue na páxina 4

Xº Congreso da CNT

A CNT celebra o seu Xº Congreso
en Granada os días 4 a 8 de
December. Este Congreso representa
unha constatación da crecente
fortaleza da CNT, que medra a modo
pero constantemente. Isto é importante
nunha época de desmobilización no
mundo laboral, cos sindicatos
chamados maioritarios baixando
constantemente a súa afiliación e

credibilidade. O Xº Congreso
servirá para constatar as nosas
forzas e actualizar as nosas
ferramentas para loitar polos
nosos dereitos, mellorar a nosa
vida e cambiar esta merda de
mundo. Este Congreso conta co
aliciente especial de celebrarse no
ano no que a CNT cumpre 100
anos desde a súa fundación.

Programa en: www.cnt.es

Brais de novo a traballar!

Despois de ano e meio sem poder
traballar por mor da sanção,
fruto do proceso contra o
companheiro Brais e aplicación da
Addenda firmada polos sindicatos
CCOO, CSIF e UGT (minoritarios
no Ensino), o compañeiro volta a
traballar no ensino público.



Esta causa foi ganada pela
CNT em uma combinação de
trabalho solidário, acción directa e
a acción mediada do noso
advogado Xosé Febrero, nas doses
adequadas que regem os principios,

táticas e finalidades do anarco-
sindicalismo practicado pela CNT.
Apesar de esta vitória solidaria a
Anarco-sindical continúa na
luta contra esta addenda impre-
sentável, que fez que o compa-
ñeiro Brais fora apartado do
ensino durante tanto tempo.

Solidariedade Obreira

Solidariedade Obreira é unha publicación periódica editada pola Confederación Nacional do Traballo da Galiza.
Dep. Legal: C-984-2006
Compostela, Novembro 2010

Enderezos da CNT na Galiza

Comité da Rexional Galáica

cr@cntgaliza.org

www.cntgaliza.org

Blog hostelería e comercio: <http://cnthosteleria.blogspot.com/>

Blog Sección TVE Galicia: <http://cntrtvegalicia.blogspot.com/>

A Coruña

Rua Washington, 36, baixo 15002 A CORUÑA

Tel/Fax: 981 90 40 44 corunha@cntgaliza.org

Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUÑA

Compostela

R/ García Prieto, 24-28 15706 COMPOSTELA (A CORUÑA)

Tel: 981 590 910 Fax: 981 534 256 compostela@cntgaliza.org

Correspondencia: Apdo 590 15780 COMPOSTELA (A COR.)

Vigo

R/ Príncipe, 22, 1º Local 34 36202 VIGO (PONTEVEDRA)

Tel. e Fax: 886 116 558 sov@vigo.cnt-ait.es

Lugo

R/ Ramiro Rueda, 15, Entrechán Dta. 27002 LUGO

Tel: 650 269 807 lugo@cntgaliza.org

Blog: <http://cntlugo.blogspot.com/>

Pontevedra

R/ Pasantería, 1 (Edif. dos Sindicatos), 3º andar 36002 PONTEVEDRA

Tel: 607 511 678 pontevedra@cntgaliza.org

Blog Sección sindical Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra:

<http://cntunivigo.blogspot.com/>

Betanzos

Rúa San Francisco 40-1º 15300 BETANZOS

Apdo 95 15300 BETANZOS (A CORUÑA)

betanzos@cntgaliza.org

Blog: <http://cntbetanzos.blogspot.com/>

Ferrol

Avenida de Esteiro, 10, baixo 15401 FERROL (A CORUÑA)

Correspondencia: Apdo 147 15401 FERROL (A CORUÑA)

ferrol@cntgaliza.org

Antonio Piñeiro, empresario galego, pagou o que debía

Antonio Piñeiro é un típico empresario galego. Xunta uns cartos, monta un negocio (a súa empresa Opportunity Contokes dedica-se a vender electrodomésticos con taras), expande-o (de unha tenda a catro na Galiza e outra en Portugal), comeza a gañar cartos a esgalla e dedica-se à vida de novo rico ruín: compra un Mercedes ben grande para pasear o seu porte de empresario. Como sua mu-ller non vai ser menos, compra-lle o mesmo modelo. Vai vivir a un chalecito de muito luxo nas aforas. Enche o corpo de xoias horteras. Xa non usa carteira, que cousa mais vulgar, e comeza a gardar as tarxetas, o carné e as fotos dos seus seres queridos (os dous cochazos) entre os billetes de voluminosos feixes de cartos.

E que hai detrás deste tren de vida? Pois unicamente a explotación laboral dos seus empregados, como lle pasou a nosa compañeira LC, traballadora dunha tenda de Opportunity en Milladoiro. Despois de anos cobrando por debaixo da súa categoría, de facer horas extras a diário, LC conseguiu o recoñecemento destas dúas situacións. Pero, cando chegou o tempo de lle pagar, Antonio Piñeiro non tivo mellor idea que despedí-la, adebedando-lle a cantidade de 16.400 euros.



O que non sabía Antonio é que daba coa CNT.


Así, por non saber como traballa a CNT, atreveu-se a ofrecer apenas 700 euros. Logo de ver como é a acción directa da CNT, acabou tendo que recuar e en apenas dúas semanas e sen necesidade de acudir aos tribunais, asinou-se un acordo de pago das cantidades adebedadas. Antonio Piñeiro é outro empresario que xa coñeceu o efectivo traballo sindical da CNT. Sabemos que aínda quedan moitos novos ricos explotando impunemente. Desde estas páxinas ofrecemos a todos os traballadores e traballadoras a forma de se enfrentar a estes abusos: o apoio mútuo, a solidariedade e a acción directa dun sindicato como a CNT.

SOV Compostela

Após a folga xeral, que?

Vén da páxina 1

un incumprimento por parte da patronal existe a obriga de se someter a un laudo que en ningún caso poderá ser contrariado. **Isto significa o fin da eficacia da negociación colectiva, que ficará sen valor ningún ao deixar sen obriga para o empresario o pactuado nun convenio colectivo.**



Recuperar a conciencia de clase

Esta é a situación. Non semella espacialmente fermosa, mas é tamén o momento de procurar e aportar solucións. Entendemos que toda forma de enfrentar esta situación pasa por que a clase traballadora recupere o espazo e protagonismo que lle son propios e que ven delegando desde hai anos nas grandes estruturas sindicais.

Isto significa non só fortalecer os sindicatos de clase, mas actuar fora dun sistema que se evidenciou tan contraproducente. Á delegación continúa nos comités de empresa, debe-se opoñer a organización por seccións sindicais e a potenciación de asembleas nos centros de traballo. Á sinatura de convenios colectivos de aplicación xeral, os pactos extraestatutarios de eficacia limitada, que non están afectados polas limitacións que comentamos arriba. Á estratexia de dilación e apaciguamento dos conflitos, un enfrentamento continuado até a consecución das nosas reivindicacións. Á prohibición fáctica da folga, o exercicio forte e continuado da nosa forza.

Para isto é necesario un reforzamento da conciencia de clase nos traballadores e traballadoras. Semella contraditorio, pero na realidade é a única forma de manter o sistema capitalista en pe, que canto mais se teñen acusado as diferenzas entre a burguesía e a clase operaria, canto mais distancia hai entre o nivel de vida dunha clase e outra, mais se ten difundido a conciencia operaria e asentado o limbo da clase media, co desexo de consumo ilimitado e imitación da burguesía que leva aparexado.

O camiño: o anarcosindicalismo

Nesta nova perspectiva laboral e sindical que se abre, semella que a clase operaria non pode volver cometer os erros dos últimos anos. De aí que a substitución da impresionante maquinaria de UGT e CCOO por outra igual de afastada da acción común dos traballadores e as traballadoras, como pode ser a CIG ou calquer outro sindicato que non cuestione radicalmente o modelo sindi-

cal, só pode levar a reproducir os mesmos movementos vividos nos últimos anos, pero coa diferenza de que se está a aproximar un punto no que non é posíbel ceder mais espazo pola nosa parte sen un deterioro total e absoluto das nosas condicións de vida.

Por iso representa o anarcosindicalismo a opción mais práctica e operativa, se ben é claro que significa un maior traballo por parte de todos e cada un dos traballadores, mas esa é tamén a súa forza. A CNT non deixou en ningún momento dos últimos trinta e cinco anos de denunciar este modelo sindical pactista, subvencionado e domesticado. Ao tempo, desde a CNT sempre se apostou por unha acción sindical situada na base, organizada en base a seccións sindicais e asembleas, decidida e levada a cabo polas traballadoras e traballadores en común, rexeitando os comités de empresa, que aparte de significar unha élite dentro da clase operaria, veñen deixando clara à súa desconexión da realidade laboral.

Tamén desde a CNT se prefere manter a negociación colectiva en terreos xestionables polas asembleas. Sen rexeitar os convenios colectivos, si se aposta pola negociación de convenios extraestatutarios de eficacia limitada (só afectan ás persoas do centro de traballo afiliadas ao sindicato ou ás que voluntariamente se adiran), negociación que só é posíbel se é decidida polas asembleas e nas que a forza e presión exercida polos traballadores é muito mais eficaz.

A aposta da CNT pola acción directa coloca-nos tamén na mellor situación fronte ao novo escenario anti-sindical, así como a independencia de subsidios e das directrices de calquer partido político. O único interese da CNT é o conxunto dos intereses dos seus membros. Pode ser o mais difícil e traballoso, e non se pode garantir o triunfo. Mas o que si se pode garantir é o fracaso de seguir pola vía do sindicalismo de xestión dos últimos anos. Agora, a responsabilidade é nosa. A clase operaria, seguro, ha estar à altura das exixencias.

Pero houbo algunha vez unha folga xeral? Tres reflexións para ter en conta na próxima folga

Apréndese moito lendo a prensa e escoitando a tele. Todos os periodistas, tertulianos, expertos e redactores chegaron ás mesmas tres conclusións despois da folga xeral do 29 de setembro:

1. Os piquetes sonche moi malos porque son violentos e coaccionan a sagrada liberdade de traballadores e empresarios.

2. A folga foi un fracaso ou un medio éxito ou un éxito total (estas opinións dependen de quen pague ao tertuliano, redactor, periodista; en algúns escasos casos, tamén depende da ideoloxía política destes individuos). Sexa como sexa, en todo caso a folga rematou e agora andamos preocupados pola última da Belén Esteban, ou de se o Julián volve ao trullo ou non.

3. Os sindicatos (quero dicir os únicos sindicatos que hai según os tertulianos: CCOO e UGT) foron moi importantes nalgún lonxano pasado, pero perderon contacto coa realidade e xa non representan aos traballadores. Deben cambiar ou morrer. Mellor se morren.

Imos por partes, comezando polo número 1. Neste punto houbo case total unanimidade, que só foi rota de tarde en tarde por algunha «Carta ao Director» en proporción de unha a favor por dez en contra. Chama a atención tamén a unanimidade nos argumentos. Case ninguén usou outra idea que non fose a da sagrada liberdade e o dereito ao traballo. Como non podemos supoñer que todos os tertulianos

e redactores de prensa sexan rematadamente idiotas ou que carezan do máis mínimo coñecemento sobre o mundo laboral (entre outras cousas porque moitos deses redactores traballan en periódicos, radios e televisións, empresas cunhas relacións laborais marcadas por unha abundante presión, que aumenta en proporción ao baixo que estés no escalafón laboral), debemos supoñer que é unha campaña para que fagan unha lei de folga, e que nesa lei basicamente prohiban as folgas, exceptuando as que non molesten aos tertulianos e aos amigos e os xefes dos tertulianos. Outra cousa é que a min tampouco me guste andar según a que horas por un polígono in-

Segue na páxina 4

As cifras da «Destrucción Total Asegurada»

Que é a DTA?

No caso dun ataque de calquer tipo por parte de Estados Unidos ou Rusia (ataque directo ou ataque a calquer aliado delas), a potencia atacada solta todo o seu arsenal nuclear contra a outra potencia e os seus aliados, coa intención declarada de destruír non só todas as bases militares inimigas, se non tamén as zonas industriais, mineiras e residencias (é dicir, todas as cidades grandes e medias). A idea é que a destrución sería tan masiva, con cálculos de até un 80% do territorio completamente arrasado, que ningunha das dúas potencias se arriscaría a lanzar un ataque, xa que os outros responderían inmediatamente, provocando unha Destrucción Total Asegurada das dúas potencias e, por extensión, de case todo o planeta. Ti incluíd@. Esta foi a política de DTA orixinal, criada en 1960, logo modificada en algúns puntos.

Onde está o perigo?

Está de moda na prensa «normal» convencernos do perigo que representan o futuro arsenal nuclear de Irán e o actual de Corea do Norte. Non é preciso ser moi listo para ver que se trata. unha vez máis, de prepararnos para unha posible nova guerra (ou dúas, que a moda neste anos é facer as guerras por parellas). O que moita xente ignora, ou esqueceu nestes anos, é que o auténtico perigo son os enormes arsenais nucleares dos EEUU e Rusia, e a teoría da Destrucción Total Asegurada, que foi a política seguida por estas dúas potencias durante a chamada Guerra Fría e que aínda hoxe en día goberna a teoría do mentemento de arsenais nucleares por parte das grandes potencias.

Nos últimos trinta anos foronse facendo públicos nos EEUU unha serie de documentos previamente clasificados como alto secreto que relatán os detalles de como se levaría a cabo o sistema de destrución total asegurada. Estes datos botan luz non só sobre unha situación histórica se non tamén sobre o presente, xa que actualmente non sabemos cal sería a política destas potencias no caso de ataque nuclear feito aposta ou por accidente, por un deles ou por un país considerado como aliado ou afín dalgún deles (poñamos Israel ou Corea do Norte). Á vista dos arsenais nucleares aínda existentes, a conclusión sería que o sistema de destrución non variaría moito con respecto ao proposto para os últimos anos da Guerra Fría.

A pesar dos tratados de non proliferación nuclear e da diminución do número de cabezas nucleares activas tanto en Rusia como nos EEUU, a capacidade de destrución mutua segue sendo moi elevada, e os mísiles seguen a apuntar a medio planeta. Por suposto, o número de mortos e feridos inmediatos a un

ataque nuclear masivo sería de centos de millóns, e posteriormente morrerían unha cantidade incalculable de persoas polos efectos da radiactividade, pero ademais os lugares onde caisen as bombas (en teoría, os silos nucleares da potencia inimiga, pero seguramente na realidade as grandes cidades de Europa, Rusia e EEUU) serían intocables durante moitos anos. Vinte anos despois da grande fuga radiactiva na central nuclear de Chernobil en Ucraína, os terreos seguen se se poder cultivar, a pesar da cantidade de radiactividade expulsada no accidente ser moi inferior á que produciría un só dos mísiles nucleares intercontinentais que agora mesmo apuntan a tantos lugares de Europa, Norteamérica e Asia. Incluso cando se asine o novo tratado START de redución de armas estratéxicas, EEUU e Rusia terán oficialmente cada un 1550 cabezas nucleares de longo alcance.



O Plan de destrución

No Plan Único Operativo Integrado, creado en 1960, de resposta masiva a un suposto ataque (nuclear ou convencional) por parte de Rusia, os EEUU lanzarían 1459 bombas nucleares contra 654 obxectivos, cun número estimado de 175 millóns de persoas mortas inmediatamente. No caso dun ataque preventivo (o chamado Plan 1-A), lanzaríanse 3423 armas nucleares (cun total de 7847 megatóns de potencia) que causarían uns 285 millóns de mortos e uns 40 millóns de feridos, que non inclúen os que morrerían posteriormente pola radioactividade. Lembremos que os datos son de poboación no ano 1960, que agora o número de habitantes do planeta é o dobre e que estamos máis concentrados nas cidades. Entre os obxectivos deste plan, a modo de exemplo, estaría Albania, onde caería unha bomba de varios megatóns só para destruír un radar de defensa aérea. Non sabemos cales serían os obxectivos da Unión Soviética na Península Ibérica, pero durante case toda a Guerra Fría existiron dúas enormes bases norteamericanas (Torrejón de Ardoz, pegadiño a Madrid, e Rota, na bahía de Cádiz) e estas serían obxectivos evidentes, xa que ademais é coñecido que servían de bases de paso e aprovisionamento dos bombardeiros que levaban armas nucleares. Ademais, había varios radares e bases de comunicacións que, a vista do caso coñecido de Albánia, posiblemente estarían na lista, in-

cluindo Estaca de Bares; non é difícil ver que Ferrol sería un obxectivo evidente.


Que atacarían hoxe en día?

En 1961 houbo algúns cambios no plan: o presidente dos EEUU pode decidir non atacar cidades, ou atacar a Unión Soviética pero non China. Na realidade trátase de cambios cosméticos, xa que, no caso de ataque masivo nuclear, os mísiles e outras armas nucleares xa on estarían nos seus silos e bases, polo que non ten sentido disparar contra eles. A lóxica dicta que os obxectivos serían as grandes concentracións industriais e productivas do inimigo, é dicir, as cidades. Que estas eran (e aínda son) as intencións reais vese no aumento espectacular dos arsenais dos EEUU até 1967, e da URSS até principios dos 80, un aumento moi superior ás necesidades teóricas de destrución. Inda hoxe en día, con 5000 armas nucleares na parte estadounidense, 2200 delas nos mísiles e bombas de longo alcance, e os supostos obxectivos son 383 silos nucleares soviéticos. Inda que disparasen 2 cabezas nucleares por cada silo, por aquilo de que se cadra un deles falla, as necesidades son de 766 cabezas nucleares. O novo tratado de redución de armas baixaría os arsenais até as 1550 armas nucleares por país. Imaxínade onde apuntan todas as que «sobran». Hai tamén que contar con que moitos dos silos nucleares teóricos obxectivos dos ataques non están precisamente no medio do deserto... E que, se ben sabemos un pouquiño das estratexias norteamericanas (e, por afinidade, de Inglaterra e Francia), non sabemos nada dos protocolos de actuación de Rusia, China ou Israel. Sabemos, en cambio, cal é o obxectivo dos arsenais de India e Pakistán: a destrución total do outro no caso de que haxa guerra e vexan que a perden; isto non é un argumento teórico: os dous países barallaron a posibilidade do uso masivo de armas



nucleares polo menos en dúas ocasións. E é que, basicamente, só hai dous tipos de guerra que se poden facer cas armas nucleares: ataque masivo en canto comeza a guerra, ou ataque masivo en canto a guerra convencional se ve perdida. Hai quen di que só o primeiro tipo é real se os dous bandos contenciosos teñen armas nucleares. O pouco optimismo que podemos opor a esta idea está no feito de que Pakistán a a India finalmente non as usaron, ao parecer polas

déncia sería a de usar todas as armas contra todos os obxectivos posíbeis: o primeiro país que use a primeira arma nuclear, ou que dé a aparencia de querer usar unha, provocará o disparo de todas elas. As armas non apuntan a obxectivos militares exclusivamente: a lóxica dicta que apuntan tamén a zonas de interese estratéxico (as capitais dos países inimigos, as áreas industriais e mineiras, os grandes nós de comunicacións, incluíndo portos e aeroportos, os centros de produción de enerxía), e polo tanto ás zonas máis habitadas. As armas nucleares seguen a ser usadas, como na Guerra Fría, como ameaza para os países «dísculos» que queren ter o seu propio arsenal.



presións e ameazas das dúas grandes potencias do momento.

Os únicos cambios recente importantes nesta estratexia son que Obama renunciou ao «dereito» do primeiro uso de armas nucleares contra países que non as teñan e cumpran cos Tratados de Non Proliferación Nuclear. Isto quere dicir que Corea do Norte e Irán seguen sendo potenciais obxectivos nucleares. Rusia probablemente fará o que lle pete e, naturalmente, no caso de guerra nuclear non é esperable que ningún cumpra as súas promesas: nunha guerra o único que conta é gañar, inda que neste caso sería unha guerra con ben poucos superviventes.

Conclusións

Podemos, pois, sacar as seguintes conclusións: en contra da actual aparencia de normalidade, seguimos a vivir, como cando a Guerra Fría, rodeados de armas nucleares suficientes como para causar unha destrución case completa da maioría das cidades do mundo occidental, e de Rusia, China e Xapón. No caso dunha guerra entre países que posúan armas nucleares, a ten-

Como aspectos positivos só podemos destacar un: a redución de armas nucleares dos últimos vinte anos reduce tamén as posibilidades dun accidente ou un atentado. Non é o mesmo que anden polo mundo centos de avións e submarinos cargados de bombas nucleares, como ocorria todos os días entre 1960 e 1980, a que o fagan dúcias, como non é o mesmo manter libres de fallos centos de silos con enormes mísiles intercontinentais a facelo con varios milleiros. Non será este, claro está, un grande consuelo para quen lle toque vivir unha explosión nuclear.

Por que se sabe agora e non antes?

Debido á Lei de Liberdade de Información (Freedom of Information Act), nos Estados Unidos pódese solicitar a consulta e difusión pública de calquer documento xerado polo Estado, inda que con moitas limitacións. Os datos básicos expostos neste artigo proceden de dúas peticións de difusión de documentos, en 1982 (por Fred Kaplan) e nos anos 90 (por Hans Kristensen).

Fóra o Pastor Alemán. Viva o Can de Palleiro

Vén da páxina 1

que retellar, facer o viño da consagración... , un lío.

Se, a maiores, tamén es Vicario de Cristo na Terra, o traballo duplica-se ou triplica-se, quén sabe, e non hai bandadas de anxos que che axuden a despachar os papeis, a respostar aos telegramas, a contar os chavos que recolliches nos petos de ánimas de todo o mundo (por certo, as esmolos, cómo cotizan a Facenda e en conceito de qué?), por qué será?

Cobrar, o que se dí cobrar, o Pastor Alemán, como antes o Pastor Polaco, cobra o mesmo por exercer de ambas cousas ao mesmo tempo, e trala reforma laboral de Zapatero incluso hai quen augura unha redución no complemento de destino no celestial e a desaparición total de mesmo complemento de destino, pero no terrenal. Cousas da crise.

De qué ven o Papa a Compostela? Cómo siareiro da Cruz, como siareiro do Compos, como soldado do Apóstolo? Se ven por lle dar unha aperta a Santiago, podía ter-se aforrada a viaxe: aquí non hai Santiago que valga, nen rabo de gaita. Iso do Apóstolo é un dos grandes inventos da humanidade, case tan útil como o «Abrelatas El Explorador». Miren que lograr enganar a media humanidade (a outra metade segue sen ver a luz de Cristo, que lles dean) co conto de Carapuchiña de que está soterrado en Compostela un palestino que chegou sen papeis a Iberia nunha patera de pedra, ten mérito, e tanto que ten mérito. Para que despois digan por aí fóra que non somos emprendedores...

Se ven por mirar un partido do Compos, entón é que non ten puñetera idea, que lea «El Aporro Gallego», e se ven como siareiro da Cruz, entón que se pague el o transporte e a estancia, que llo paguen coas esmolos dos «negritos» e «negritas», agora que desapareceron aqueles petos con forma de «chinito», agora son ricos os chinos de Mao, confito diplomático ao canto.

E se, finalmente, o Pastor Alemán peregrina a Compostela, estaría ben que en alto, ben alto e claro, diga algo non só contra o aborto (está moi visto), contra botar un polvo fóra do matrimonio e contra calquer unión libre, contra as células nai, contra os progresos científicos, contra a Ciencia mesma e contra o pobre eivado de Stephen Hawking.

Que fale dos negocios vaticanos, das lavanderías celestiais, das subvencións que apañan nos países eternamente subdesenvolvidos.

Que fale das persoas atacadas e violentadas nos seminarios, nos confesionarios, nas sacristías católicas de Italia, Suíza, Holanda, Austria, Alemaña, Inglaterra, Irlanda, España e Estados Unidos. E que pida perdón, home, pero en serio, iso estaría ben.

E, por favor, que lle diga ao Presidente Núñez Feijoo que hai que cumprir co mandamento aquel de «No cometerás actos impuros». Referimo-nos, claro está, a calquer autovía que licite este goberno, non a nada do outro, que para iso está a consciencia, ja, e o sacramento da confesión, un lavado express que deixa os baixos da alma impolutos e receptivos a novos e máis grandes pecados.

Pero houbo algunha vez unha folga xeral?

Vén da páxina 2

dustrial poñendo cara de malo e queimando neumáticos vellos, pero que alguén tente convencer-nos (e que de verdade haxa algúns traballadores que traguen con esa idea!) de que sen piquetes habería liberdade para decidir se ir ou non a unha folga, francamente, tócame as pelotas e os ovarios.

Sobre o número 2, eu penso que o Julián desta acaba no trullo.

No número 3, e sen que sirva de precedente, vou defender a CCOO e UGT. Si, están vendidos, son unha panda de chupópteros, o seu modelo foi un desastre para a clase obreira e así nos vai, pero os tertulianos non están pensando de verdade nisto. A CNT leva 100 anos denunciando o sindicalismo feito desde un comité de «expertos», e desde o ano 78 non paramos de dar a brasa contra o modelo sindical de CCOO e UGT (imitado por todos os sindicatos), así que os tertulianos levan 30 anos tendo diante o modelo e as críticas ao modelo, e só agora se deron conta do malo que era ese modelo para os traballadores? Manda carallo! Vale, pois pode ser que os xefes dos tertulianos queiran continuar co seu traballo, e o seguinte paso é dar vara a uns sindicatos devaluados, desconectados e terriblemente debilitados para lles dar puntilla. Pero tamén pode ser que só se trate de mallar algo máis en Zapatero por aquilo de gañar as próximas eleccións. Para a CNT, estupendo se se cargan o modelo actual, pero é evidente que non teñen intención de facelo: por moito que os que mandan falen contra os sindicatos «oficiais», saben que é o sistema que mellor traballa no seu favor. Serían ben parvos se o cambian.

100 anos da CNT

Neste ano do centenario da CNT houbo moitas actividades e publicacións conmemorativas., entre as que hai varias ás que podes acceder gratuitamente: busca-as en www.cntgaliza.org.



A abertura da nova tenda de IKEA na Coruña permitiu-nos comprobar as novas estratexias de traballo das grandes compañías multinacionais, baseadas aparentemente no traballo colaborativo nun entorno de traballo non agresivo e cheo de boa vontade ecolóxica. Como era doado de imaxinar, a realidade é moito menos idílica, como estan a comprobar os traballadores e traballadoras do IKEA Coruña.

En primeiro lugar, os postos de traballo son moito máis flexíbeis do prometido: xente contratada como caixeir@ acaba en atención ao cliente, almacén ou quen sabe onde. A formación inicial en moitos casos quedou en nada, ou ben porque non se fixo ou porque o que se fixo logo non serviu

de nada, xa que os procedementos de traballo son diferentes na tenda da Coruña. Os ritmos de traballo tampouco son os prometidos: a presión é enorme pola cantidade de clientes, igual que as colas.

Como está ocorrido en moitas das grandes empresas de distribución (por exemplo, MediaMarkt), ademais, a maioría da xente ten contratos a tempo parcial, de xeito que agora temos unha enorme masa de traballadores con oito, dez, vinte horas semanais, repartidas dos xeitos máis asombrosos. Esta parece unha tendencia que vai a máis, e non porque conveña aos traballadores (só un estudante pode ter ganas de currar venres pola noite), se non porque a «flexibilidade laboral» non ten límites nen de lóxica nen de escrúpulos.

Novas edicións da CNT de Compostela

Maurice Joyeux: Autogestión, gestión operaría, gestión directa

Analisa-se a posibilidade da gestión por parte da clase operaría dos medios de produción, confrontando a visión comunista autoritaria, o conselhismo e o anarcosindicalismo. O texto debate a necesidade de articular fórmulas de gestión que resultem operativas e que coloquem à classe operaría em situación de subverter a orde económica e establecer uma igualdade real no acceso aos recursos e o traballo. Na situación de crise planetaria do capital, o texto adquire actualidade e deixa ver a necesidade do anarquismo de resolver de maneira programática um debate talvez deixado de lado nos últimos anos.



Paseo humorístico a través das relixións e os dogmas

A religião é nefasta por si propia, e deve ser desmontada em todos seus elementos constitutivos. O escárnio sempre foi unha das millores formas para este fim. Isto é o que se propóm: rir da religião e, ao tempo, facer-se consciente do seu papel social ao longo da historia e contribuir para o desmascaramento da función que cumprem as relixións. A re-edición deste pequeno clas[ico de Maitre Simon vem acompañada de uma série de imagens anti-clericales realizadas por artistas de avanguardia para publicações libertarias e de livre pensamento dos anos 20 e 30.



Feminismo, clase e anarquismo de Deirdre Hogan

Aborda-se a necesaria relación entre conscientización feminista e conscientización de clase no camiño de liberación da muller do sistema patriarcal, que tamem significa de todo Estado e de todo Poder. As anarquistas são rápidas em criticar qualquer análise feminista que falte uma análise de classe. Este artigo argumenta que val a pena lutar pelo feminismo em si mesmo e que terminar com o sexismo, em uma insistência em sempre enfatizar a classe, pode terminar meramente distraíndo do propósito que como anarquistas necesitamos, não ser ambíguas quando se trata de apoiar o feminismo.



Todas as brochuras estao a venda a um preço bem econômico nos locais da CNT, e disponíveis para a descarga livre no Ateneu Virtual do web cntgaliza.org.

Prohibir

A.- Comezarei declarando que eu son o que agora chaman un «antitaurino», é dicir, alguén que está en contra de facer da tortura e da morte de calquera animal un espectáculo (hei dicir que tamén me repugna esa actividade aplicada ás persoas?). Incluí neste rexeitamento, non só as touradas, tamén os correbous, as pelexas de galos ou de cans e tantas e tantas «festas» baseadas na tortura de animais.

A orixe de moitas destas tradicións está afundido na noite dos tempos, aínda que fosen evolucionando ao longo dos séculos. Fálannos de ritos nos cales o home, a especie humana, mediante a astucia ou a unión, consegue dominar as forzas da natureza, salvaxes, misteriosas, ameazantes.

Se carácter atávico, tribal, fai que estas actividades sexan tan difíciles de erradicar, aínda que hoxe en día xa non teñan sentido ningún. O que si é factible é facer substitucións, como tirar desde o campanario un monco imitando unha cabra, en vez de ao animal directamente. Solucións si-

milares para as touradas a min, polo menos non se me ocorren.

En todo caso, en tantas festas que se fan na península e fóra dela baseadas no maltrato animal, hai que ir aplicando a imaxinación para evitalo, e, o máis importante, para que ninguén crea que torturar ou matar é divertido.

Por outra parte, como libertario, estou contra toda prohibición. Prohibir é reprimir, e a presión nunca é a solución de nada. Para acabar con todos estes actos de exaltación da crueldade hai que usar a imaxinación que comentaba antes; pero tamén hai que deixar de subvencionar cos nosos impostos os negocios de caciques trasnoitados e outros poderes fácticos; hai que controlar a publicidade destes actos, ao igual que se fai coa do boxeo, por exemplo; e, finalmente, hai que educar na solidariedade e non no egoísmo e a agresividade.

B.- Porén, vexo ben a prohibición por parte do parlamento de Cataluña das touradas.

En Cataluña xa existía unha lei

contra o maltrato animal, lei que obviaba as touradas e, ao igual que fai a actual, deixaba de lado os corre-bous, tradición que nalgúnhas comarcas será moito máis conflictivo suprimir a causa da súa implantación. Esta lei tan só tapa un burato da anterior. É unha prohibición cunha validez mínima, ante o escaso número de touradas que se fan en Cataluña, e xa que os cataláns que queiran seguir vendo touradas, poderán ir a Aragón, a Valencia ou ao sur de Franza.

Máis importante, e positivo, paréceme o feito de que con esta norma se relanzase en todo o estado, mesmo na supostamente moi toureira Andalucía, o debate sobre as touradas. E, sobre todo, rompeu un tabú. As persoas que consideramos que a tortura non é cultura non só somos máis (principio democrático onde os haxa), senón que tamén podemos vencer a aqueles poderes na sombra que controlan as nosas vidas, ditan a cultura e redactan o que han de dicir os medios de comunicación.

javier